

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 6 DE AGOSTO DE 2012.

### **ASISTENTES:**

#### **Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

#### **Concelleiros:**

D. José Manuel González Álvarez

D<sup>a</sup> Ana María Abad López

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D. Alberto Santos Vázquez.

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Balseiro López

D. Manuel Angel Meitin Rouco

#### **Secretario:**

D. Luís M. Fernández del Olmo

#### **Ausente:**

D. José Manuel López Hermida

#### **Interventora:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día seis de agosto de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º) APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS PLENARIAS DE DATA 11 DE XUÑO DE 2012 E 16 DE XULLO DE 2012.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ós borradores das actas das sesións plenarias de data 11 de xuño de 2012 e 16 de xullo de 2012.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-los borradores das actas das sesións plenarias de data 11 de xuño de 2012 e 16 de xullo de 2012.

### **2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, VERBO DO FUTURO DA COMARCA DA MARIÑA, ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Polo Sr. López López, dáse lectura á moción do epígrafe que

a seguir se transcribe integramente:

*Marco López López, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte moción:*

### ***MOCIÓN POLO FUTURO DA COMARCA DA MARIÑA***

*O BNG de Xove ve con preocupación a situación que se está a vivir na Mariña dende hai varios anos, onde o drama do paro e as súas consecuencias asolan a nosa comarca provocando situacións dramáticas a máis cidadáns mariñosos cada día. Dende hai tres anos, e cadrando coas mudanzas no goberno galego, o incremento do paro, o desmantelamento industrial e a pobreza non fixeron máis que incrementarse ofrecendo cifras alarmantes.*

*Dende xuño de 2009 ata o 1 de xuño de 2012 o desemprego incrementouse o 52% na comarca da Mariña. Mentres, nese mesmo tempo, medraba un 38% no conxunto de Galiza e un 32% no Estado. Estamos asistindo polo tanto a un desmantelamento industrial en toda regra dunha comarca que tiña un tecido produtivo importante e que era unha das economías máis dinámicas da Galiza oriental.*

*Na Mariña estanse a producir expedientes de regulación de emprego a diario que supoñen despedimentos definitivos na maioría dos casos e temporais noutros. Sucedeu na Cerámica de Sargadelos (113 empregadas afectadas), Gres Burela (con 39 traballadores afectados e sen traballo dende hai máis de 3 anos), empresas en concurso de acredores como Construcións Mon, o peche de Aglomerados ECAR en Mondoñedo (que supuxo o*

*despedimento de 65 traballadores/as e a eliminación dunha fábrica que levaba funcionando dende o ano 1964), o ERE de Mobles Hermida de Lourenzá (que supuxo o despedimento de 75 persoas). Nos últimos meses unha nova ameaza está a causar gran preocupación entre a poboación ao afectar á multinacional Alcoa se non se logra unha tarifa eléctrica máis baixa que garanta o futuro dunha empresa vital para a Mariña, para o seu comercio e para os milleiros de empregos indirectos que xera.*

*De non sermos capaces de reverter esta situación, a destrución de emprego e de expectativas de moitas persoas no presente fará imposible un futuro para a comarca. Isto é máis dramático aínda cando vemos que a Mariña perde poboación ano a ano e ve como se destrúe o potencial económico que tiña. Nunca a nosa bisbarra estivo peor e, ante a peor crise dende hai decenios, temos un goberno galego incapaz e que está a aumentala ata límites insoportables. O goberno de Feijoo non ofrece solucións nin esperanzas. Temos un goberno ausente que non sabe ou non quere exercer as súas competencias. Unha conselleira de Traballo que se entera dos problemas das empresas pola prensa e que se dedica a tramitar centos de ERES como unha mera xestoría. E un conselleiro de Economía e Industria que bate records de desmantelamento económico e industrial na comarca.*

*Diante desta situación o goberno do PP segue empeñado na aplicación de recortes e no desmantelamento dos servizos públicos básicos como a sanidade, o ensino e os servizos sociais con políticas fracasadas que aumentan a crise, as desigualdades sociais e castigan ás persoas máis vulnerables, aos pensionistas, aos dependentes ou á mocidade. O PP só se preocupa dos beneficios da banca e dos especuladores financeiros e consinte que os causantes da crise, os que deixaron buratos negros nas caixas galegas superiores aos 10.000 M€, os que estafaron a milleiros de aforradores galegos coas preferentes, estean tan tranquilos nas súas casas con indemnizacións millonarias.*

*Necesitamos un goberno que traballe para os cidadáns, que busque fórmulas que permitan conservar o emprego na comarca, que desenvolva e poña en práctica planos de industrialización e desenvolvemento económico cribles e efectivos, alternativas reais de emprego para os traballadores e traballadoras afectados. Que poñan todos os recursos e instrumentos con que contan ao servizo das persoas e da creación de emprego. O primeiro son as maiorías sociais e o dereito ao traballo. Non hai excusas. A xente demanda solucións xustas e actuacións efectivas. Abonda xa de propaganda, de desculpas e de enganos.*

*Polo exposto, ínstate á corporación municipal a apoiar os seguinte ACORDO:*

- *1º) Instar ao Goberno do Estado a poñer en marcha unha tarifa eléctrica que garanta a continuidade dos 2.000 postos de traballo existentes na actualidade na Multinacional Alcoa e empresas auxiliares.*
- *2º) Demandar da Xunta de Galiza un Plano Estratéxico para o Hospital das Costa que recolla a súa ampliación e incremento da carteira de servizos.*
- *3º) Solicitar aos gobernos Galego e Estatal un Plano de Industrialización para a Comarca da Mariña así como apoio a iniciativas de auto emprego que permita a creación de postos de traballo na Comarca da Mariña.*
- *4º) Instar á Xunta de Galiza a un compromiso claro cos servizos públicos a fin de incrementar as prazas e prestacións nos centros de ensino, de maiores e escolas infantís.*
- *5º) Remitir o acordo ás administracións competentes da Xunta e Goberno do Estado e aos grupos políticos con representación no Parlamento Galego así como no Congreso e Senado.*

*Polo Sr. Alcalde contestase que o seu grupo vai votar en contra da moción transcrita, xa que a mesma soamente ten carácter político, xa que se limita única e exclusivamente a verter críticas totalmente infundadas sobre a xestión do actual goberno, tanto estatal como autonómico, sen aportar nin unha sola idea para solucionar a gravísima crise económica que está sufrindo todo o país, entre outras razóns polas políticas económicas disparatadas levadas a cabo por gobernos anteriores.*

Sinala o Sr. Alcalde que non obstante, compre necesario efectua-las seguintes precisións ás críticas do BNG:

- *DESEMPREGO :Fixo falla que o BNG estea na oposición para que por fin se preocupe pola situación do desemprego.*

*Non o facía:*

- *Nin desde o Goberno da Xunta: Prometeron crear 40 mil empregos e deixaron 35 mil parados.*
- *Nin cos seus apoios ao PSOE na xestión do Goberno do Estado: protagonistas da maior destrución de parados da historia de España.*

*Pola contra para o PP sempre foi unha prioridade a loita contra o paro e o principal dos seus obxectivos.*

*Sen lugar a dúbidas a incidencia da crise na Mariña ten o seu reflexo no paro, con todo, a taxa de desemprego é menor que noutras comarcas e comunidades.*

*Galicia non é un comunidade illada do seu contexto. Vive nun país que ten a maior taxa de desemprego, grazas as políticas económicas dun Goberno PSOE e BNG estiveron apoiando durante 8 anos.*

*O PP non se vai conformar coa evolución do paro en Galicia, aínda que a comunidade teña un 4,2 por cento menos de paro que no resto de España e sexa a oitava comunidade autonómica con menos paro*

#### **PARO EN XUÑO:**

*Somos conscientes de que os datos do paro de xuño son estacionais e derivados das contratacións no sector servizos que levan a cabo cada verán.*

*Pero reflicten unha tendencia POSITIVA, e é a confianza do empresariado en que a economía irá mellor nesta fase do ano do que foi no pasado, e sobre todo respecto de anos anteriores.*

*No caso de Galicia, parécenos relevante que a caída do desemprego sexa maior que no resto de España. É un respaldo ás políticas contra o paro da Xunta.*

*Non caEREmos en triunfalismo algún, porque aínda hai máis de 260.000 galegos que quEREn traballar e non poden facelo. Esperamos que a tendencia se manteña en xullo e agosto.*

#### **PARO NA MARIÑA:**

*Atendendo aos datos oficiais sobre o paro (non inventados) non é certo que o paro na Mariña se incrementara nun 53% entre xuño de 2009 e xuño de 2012: A cifra de aumento é inferior: + 45.71%*

*No último mes (xuño 2012) o paro na Mariña reduciuse nun -4,03% isto é por riba da media galega (-2,68%) e provincial (-3,01%).*

<b>Paro</b>	<i>xuño 2009</i>	<i>xuño 2012</i>	<i>Dif%</i>
<i>A MARINA CENTRAL</i>	<i>1.427</i>	<i>2.121</i>	<i>48,63</i>
<i>A MARINA OCCIDENTAL</i>	<i>1.497</i>	<i>2.115</i>	<i>41,28</i>
<i>A MARINA ORIENTAL</i>	<i>767</i>	<i>1.142</i>	<i>48,89</i>
<b>TOTAL</b>	<b>3.691</b>	<b>5.378</b>	<b>45,71</b>

<b>Paro</b>	<i>maio2012</i>	<i>xuño 2012</i>	<i>Dif%</i>
<i>A MARINA CENTRAL</i>	<i>2.270</i>	<i>2.121</i>	<i>-6,56</i>
<i>A MARINA OCCIDENTAL</i>	<i>2.138</i>	<i>2.115</i>	<i>-1,08</i>
<i>A MARINA ORIENTAL</i>	<i>1.196</i>	<i>1.142</i>	<i>-4,52</i>
<b>TOTAL</b>	<b>5.604</b>	<b>5.378</b>	<b>-4,03</b>

## **SITUACIÓN DALGUNHAS EMPRESAS**

- *A delicada situación pola que pasan algunhas empresas non é algo que acontecerá de repente coa chegada do PP á responsabilidade de Goberno, ven de lonxe, e o bipartito nin o previu, nin adoptou medidas para evitalo.*
- *Pola contra a Xunta actual si fai algo e foron imprescindibles os apoios do Goberno galego para a permanencia de empresas e cadro de persoal de empresas tan importantes como a Cerámica de Sargadelos ou IPV.*
- *En moitos dos casos os ERE's aprobados son froito do "acordo entre a maioría dos traballadores e representantes sindicais e a empresa acordos que buscan garantir a continuidade e viabilidade da súa actividade e polo tanto sobre o que nada temos que dicir.*
- *O número de traballadores afectados no dous primeiros meses deste ano por expedientes de regulación de emprego é moito menor na nosa Comunidade que no conxunto do Estado, cun incremento do 19% fronte ao 55% que reflicte o conxunto estatal.*
- *Galicia está 36 puntos por debaixo do incremento do Estado.*
- *Galicia é a cuarta Comunidade con menos incremento ERE's bipartito (toda a lexislatura)*
  - *ano 2006: 324 expdtes afectaron a 3.062 traballadores*
  - *ano 2007: 399 expdtes afectaron a 3.155 traballadores*
  - *ano 2008: 478 expdtes afectaron a 6.801 traballadores*
  - *ano 2009: neste ano, ata o mes de abril (a partir de abril xa se incorporou o novo goberno) tramitáronse 337 expdtes que afectaron a 8.837 traballadores (o total de expdtes do ano 2009 foi de 1.364 con 24.436 traballadores afectados)*
- *Non se pode dicir que sexa culpa ou que responda a unha intención perversa do PSOE+BNG .- agora tampouco.*

En 2009 o número de traballadores afectados ERE era de 16.047, fronte aos 14.001 afectados en setembro de 2011

## **HOSPITAL DA COSTA**

### **MELLORAS IMPULSADAS POLA XUNTA DO PPdeG**

*Fronte ao investimento cero do bipartito o PPDEG impulsou investimentos e melloras cun investimento que supera 1 millón de Euros.*

*Finalizado:*

### **REFORMA DA ÁREA DE MATERNIDADE.**

- *Obra prometida polo bipartito.*
- *Obras adxudicada polo PP.*
- *Orzamento: 800.000 Euros.*

### **REFORMA DA CUBERTA, RAMPLA DE ACCESO, AMPLIACIÓN DA ÁREA DE ESPERA DA RESONANCIA, FARMACIA E AROQUIVO DO HOSPITAL.**

- *DOGA 26 de agosto: adxudicación*
- *Orzamento: 518.793,10 euros*

### **ADQUIRIMOS NOVOS ECÓGRAFOS:**

- *Cardioloxía (entorno aos 60.000 euros)*
- *Xinecoloxía (entorno aos 49.000 euros)*
- *Radioloxía (entorno aos 60.000 euros),*
- *Investimento en melloras tecnolóxicas: 169.000 euros*

### **ORZAMENTOS DE 2012**

- *Orzamento xeral do Hospital: 37.119.606 euros*
- *Orzamento reformas diversas (plan directores e outras actuacións en centros hospitalarios): 283.662 euros*
- *Orzamento farmacia: 142.423 euros*

### **O BIPARTITO NON FIXO NINGÚN PLAN DIRECTOR PARA AMPLIAR O HOSPITAL DA COSTA**

*VOSTEDES O ANUNCIARON. -> MOITA PROPAGANDA. PERO NON O FIXERON.*

*\* O ÚNICO QUE FIXERON FOI UN PLAN FUNCIONAL, DÚAS PÁXINAS -> SIMPLE DECLARACIÓN DE INTENCIÓNS*

*O bipartito no se preocupou polo Hospital da Costa.*

*O PP. QUE ENTENDE NECESARIO (MOI NECESARIO) AMPLIAR O HOSPITAL.*

*Antes de finais de ano terá lugar a presentación dun novo plan funcional do Hospital da Costa.*

*O ano próximo os orzamentos contemplarán unha achega para o plan director e arquitectónico.*

### **HOSPITAL DA COSTA**

***MAL QUE LLE PESE A PSOE E BNG OS DATOS DEMOSTRAN UNHA MELLORA SUBSTANCIAL DAS LISTAS DE ESPERA EN RELACIÓN COA SITUACIÓN CAÓTICA DEIXADA POLO BIPARTITO***

- *EN CONSULTAS EXTERNAS (atención por especialistas)*
- *Os mellores resultados desde que existen rexistros informáticos.*
- *Os mellores datos desde fai 8 ou 9 anos: MÍNIMOS HISTÓRICOS*
- *Pacientes oncolóxicos ou prioridade 1 (alto risco vital): 10 a 15 días*
- *Pacientes de prioridade 2 (): De 45 a 55 días*

### **ESPERA CIRÚRXCAS (operacións)**

- *Entre 70 e 80 días de espera cirúrxica polo que estamos na media do SERGAS*
- *Opera en casos prioritarios (tumores) en 8 días.*

***TANTO PARA CIRURXÍA COMO PARA CONSULTAS O HOSPITAL MOSTRA UNHA IMPORTANTE MELLORA NO ÚLTIMO ANO***

#### ***No caso da espera cirúrxica:***

- *A 31/03/2011: Tempo medio de espera era de 103,5 días, e había 1.231 pacientes en espera*
- *A 31/03/2012 a espera media era de 76,2 días, e o número de pacientes 1.057. -> ( 27,2 días menos e 174 pacientes menos que fai un ano)*
- *Reducimos a espera nun 21,13%*

#### ***No caso das consultas cos especialistas:***

- *A 31/03/2011 o tempo medio de espera era de 66,4 días, e había 5.785 pacientes en espera.*
- *A 31/03/2012 a espera media era de 36,9 días, e o número de pacientes era de 3.717 —> ( 25,1 días menos e 2.068 pacientes menos)*

- *Reducimos a espera nun 75, 49%.*

*O que PSOE e BNG non queren dicir e non explicaron:*

*- A HERDANZA ENVELENADA -*

- *Auditoria das listas de espera elaborada polos servizos de inspección*
  - *Auditoria NON POLÍTICA senon técnica:*

*Durante o bipartito:*

- *Negaron a asistencia sanitaria a 4.297 pacientes*
- *1.087 pacientes no mecanizadas no rexistro e polo tanto non citados.*
- *2.490 pacientes concita desprogramada (pediron cambio de cita ou outros motivos)*

*Vostedes maquillaron as listas de espera para enganar aos vecinos*

### **TARIFA ELÉCTRICA DE ALCOA**

#### **XUNTA E GOBERNO CENTRAL TRABALLAN PARA MANTER A ACTIVIDADE E OS POSTOS DE TRABALLO DE ALCOA EN GALICIA**

- *Ambos executivos realizan xestións para abaratar a tarifa eléctrica -que supón o principal custe de produción desta compañía-*
- *Ambos executivos e impulsan os proxectos gasistas que beneficiarán aos centros de traballo de San Ciprián e da Coruña.*
- *Xa existe un acordo parlamentario unánime consensuado polas tres forzas políticas no mes de abril e polo tanto non procede apoiar a petición do BNG "que non achega nada novo".*
- *Os nacionalistas chegan tarde coa súa proposta e só buscan un pouco de protagonismo e limpar a mala conciencia do nacionalismo despois de converterse en socio preferente do Goberno do PSOE no Estado e deixar 24 mil millóns de déficit tarifario, o motivo polo que agora se encarece o prezo da electricidade.*

**GASIFICACIÓN:** *Son proxectos para os que a actual administración autonómica mobilizou preto de 5 millóns de euros. E se prevé que para outono poderá iniciarse a construción da canalización do gasoduto marinar para inxectar así o gas que precisa a factoría lucense.*

**O Pleno do Parlamento, na reunión do 10 de abril de 2012, adoptou o seguinte acordo:**

*"O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:*

- 1.º) Trasladarle ao Goberno de España a recomendación de impulsar un acordo urxente de prezos entre as empresas produtoras de electricidade e os grandes consumidores, que implique unha minoración dos actualmente vixentes ata o 31 de decembro, e un horizonte superior a cinco anos, que faga posible o desenvolvemento dos plans estratéxicos das industrias afectadas.*
- 2.º) Unha revisión das tarifas de acceso para os grandes consumidores de enerxía que inclúan só e exclusivamente os custos asociados ás redes e aos de operación do sistema.*
- 3.º) Que se manteña o servizo de xestión de interrumpibilidade da demanda.*
- 4.º) Que pona en valor o carácter estratéxico das plantas de Alcoa en Galicia, pola súa produción de alumina e aluminio, polo súa achega ao valor engadido e polo volume de emprego xerado."*

*O PP trasladou este acordo á Deputación provincial e aos concellos da Mariña e se ratifica en cada un dos seus extremos.*

#### **SERVIZOS PÚBLICOS**

*Co PP no goberno incrementáronse o número de ciclos formativos, escolas infantís y residencias de maiores.*

*Só na Marina co PP no Goberno temos unha nova residencia (Viveiro), outra en construción (San Ciprián), se está a construír un centro para discapacitados mentais (Cervo), melloras e ampliación en casas de acollida para menores (Burela e Viveiro), e novas escolas infantís (Burela, Foz, Alfoz...)*

***Só nesta lexislatura***

### ***MÁIS ESCOLAS INFANTÍS.***

- *Galicia contará este ano con 19 novas escolas infantís de 0 a 3 anos, é dicir, 1.005 novas prazas públicas. Ademais, vaise iniciar a construción de 21 novas escolas infantís de 0 a 3 anos, o que suporá a creación de 1.037 novas prazas públicas que estarán en funcionamento en 2013.*
- *Obxectivo: máis de 2.000 novas prazas públicas en escolas infantís antes de que remate 2013.*

### ***MAIS CENTROS DE ATENCIÓN A MAIORES***

*Durante este ano, irnos a poñer en funcionamento 15 centros de atención a maiores e iniciárase a construción doutros seis.*

*Obxectivo: case 1.000 novas prazas públicas ata 2013.*

### ***MÁIS APOIO AOS COLECTIVOS CON DIFICULTADES***

- *Como faremos coa nova lei de inclusión que incluírá unha modificación para facer máis útil a RISGA ás persoas que a perciben de acordo co Diálogo Social.*

### ***TAXAS UNIVERSITARIAS***

- *A Xunta cumpriu o seu compromiso de non subir as taxas universitarias na primeira matrícula*
- *Para o resto de matrículas, aplicarase o mínimo que impón o Ministerio de Educación.*
- *Pero farase de forma gradual durante tres anos, proposta apoiada polos reitores galegos.*
- *Mentres estudar noutras autonomías encarecerase notablemente, Galicia fai un esforzo para que as familias poidan enviar aos seus fillos á universidade ao menor custo posible.*
- *Deste xeito Galicia seguirá sendo unha das comunidades coas taxas universitarias máis baixas.*

### ***EDUCACIÓN NON UNIVERSITARIA***

- *Galicia é unha das tres CC.AA con menos alumnos por profesor (9,7 de media)*
- *Despois da reorganización do horario docente feita pola Xunta de Galicia, na actualidade as alumnas e alumnos galegos cada semana de curso teñen a súa disposición 60.000 horas máis de dedicación.*
- *Galicia adiantouse e despois de 3 anos de esforzo económico e de boa xestión educativa hoxe é posible: optimizar recursos, poñer en marcha novos plans, desenvolver aulas e centros con ensinanzas plurilingües e novas tecnoloxías, desenvolver plans de reforzo e orientación, impulsar a FP...*
- *A Inspección está a analizar centro por centro as necesidades educativas particulares, tendo en conta o alumnado e o profesorado co que conta.*
- *O obxectivo é garantir que o número de unidades que se constitúan garantan a calidade do ensino en todos os colexios de Galicia.*
- *Educación tense comprometido a non modificar o número máximo de estudantes en cada clase.*
- *Ao que non afectará o axuste de gastos é ao transporte escolar.*

*Nun ano duplicáronse os colexios plurilingües, de 58 en activo pasouse a 110 para o novo período académico.*

*Un total de 7.371 estudantes e 165 profesores formarán parte deste ensino trilingüe na comunidade, o que supón un incremento moi significativo con respecto aos 2.525 alumnos e 87 docentes do curso pasado.*

*O próximo período académico contará ademais con 344 novas seccións bilingües, de maneira que sumarán un total de 1.863. En total beneficiaranse destas clases en lingua estranxeira un total de 32.578 estudantes fronte aos 29.000 do pasado ano.*

*Neste curso contratáronse 340 mestres interinos, 27 máis que o ano pasado. Temos máis docentes para pedagogía terapéutica e audición e linguaxe*

*Qué fixo o bipartito?*

- *Máis recursos non é igual a mellores resultados*
- *Taxa de abandono escolar:*
  - *Bipartito: 26 %*
  - *Actualidade: 20,8 % )*

*Polo Sr. Santos Vázquez sinalase que vai votar a favor da aprobación da moción presentada por considerala de carácter social.*

*Rematado o debate, o Concello Pleno, co voto dos Sres. Salgueiro Rapa, González Alvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, e Meitin Rouco, acorda rexeita-la aprobación da moción do epígrafe.*

*Os Sres. López López e Santos Vázquez votan a favor da aprobación da moción do epígrafe.*

### **3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE OS CUSTOS DERIVADOS DA TARIFA ELÉCTRICA E O APOIO Á COMPETITIVIDADE DA EMPRESA ALCOA EN GALICIA. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

*Por Secretaría dáse conta á corporación da moción do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:*

*“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NO CONCELLO DE XOVE A TRAVÉS DO SEU PORTAVOZ D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ ÁLVAREZ EN BASE Á LEXISLACIÓN VIXENTE, PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE OS CUSTOS DERIVADOS DA TARIFA ELÉCTRICA E O APOIO Á COMPETITIVIDADE DA EMPRESA ALCOA EN GALICIA*

#### ***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*A empresa multinacional do Aluminio Alcoa, con centros de traballo en San Ciprián e A Coruña, representa para A Marina lucense o seu principal motor económico e laboral. De feito, os últimos datos coñecidos, indicaban que a factoría mariná xera máis de 1.700 empregos directos e máis de 500 indirectos.*

*Alcoa, ademais de ser unha das mellores factorías de alúmina-aluminio do mundo, é unha das empresas máis importantes desde o punto de vista industrial de Galicia. Así por exemplo é clave para provincias como a nosa, a de Lugo, xa que só a actividade de Alcoa representa o 30% do PIB lucense.*

*Dada a importancia que este proxecto industrial ten en Galicia -e para A Mariña en particular- resulta evidente a necesidade de priorizar todos os apoios que se estimen necesarios para o mantemento da súa actividade, a viabilidade futura da empresa e do volume de emprego a ela asociada.*

*Tras o acceso á responsabilidade de goberno na Xunta do Partido Popular, déronse pasos nesta liña como son os convenios de colaboración asinados con Alcoa San Ciprián e Alcoa A Coruña para por en marcha un proxecto de gasificación destas plantas, que supuxeron a mobilización duns investimentos de máis de 2,6 millóns e 1,5 millóns de euros respectivamente.*



*O apoio da Consellería de Economía e Industria a esta compañía permitirá a substitución do combustible actual, fuel-oil, por gas natural nos procesos produtivos das factorías así como o impulso definitivo ao Gasoduto da Mariña.*

*Con todo, o principal reto da compañía está no custo derivado da tarifa eléctrica que paga. Para empresas como Alcoa, grandes consumidores de enerxía -con consumos equivalentes a 33.000 fogares- a factura eléctrica representa un dos gastos máis importantes da súa conta de explotación: seis veces o custo de amortizacións e cargas financeiras, tres veces o custo da man de obra directa, dúas veces a suma dos gastos fixos máis gastos de mantemento, administración, xerais e de vendas.*

*Neste campo os máis de 24 mil millóns de euros de déficit da tarifa eléctrica herdados tras a máis que cuestionable xestión de dúas lexislaturas socialistas no Estado -só en oito anos multiplicaron por 17 este déficit tarifario- obrigan a unha revisión forzosa do marco enerxético do noso país e, polo tanto, a unha variación das tarifas a particulares e empresas.*

*Ao obxecto de contribuír ao debate sobre o novo réxime tarifario e facelo desde a defensa dos intereses de Galicia tanto o Goberno galego como o Parlamento de Galicia teñen adoptado unha serie de acordos que, trasladados ao Ministerio de Industria, buscan conseguir que se adopten as medidas precisas para que Alcoa en Galicia e en España, manteña como mínimo os niveis de emprego actuais.*

*Na procura de reforzar estas reivindicacións, o Partido Popular estima necesario sumar aos distintos concellos e ao conxunto dos integrantes das Corporacións Locais da Mariña Lucense. Faino como un exercicio de responsabilidade coa principal industria da comarca. E ademáis en base ao texto consensuado e aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 10 de abril de 2012.*

*É polo que somete á consideración das e dos concelleiros a seguinte:*

### **PROPOSTA DE ACORDO**

*O Pleno da Corporación municipal asume como propia a moción aprobada por unanimidade no Pleno do Parlamento de Galicia que tivo lugar o 10 de abril de 2012 e, en consecuencia acorda:*

- 1.º) Trasladarlle ao Goberno de España a recomendación de impulsar un acordo urxente de prezos entre as empresas produtoras de electricidade e os grandes consumidores, que implique unha minoración dos actualmente vixentes ata o 31 de decembro, e un horizonte superior a cinco anos, que faga posible o desenvolvemento dos plans estratéxicos das industrias afectadas.*
- 2.º) Solicitar unha revisión das tarifas de acceso para os grandes consumidores de enerxía que inclúan só e exclusivamente os custos asociados ás redes e aos de operación do sistema.*
- 3.º) Instar que se manteña o servizo de xestión de interrumpibilidade da demanda.*
- 4.º) Dirixirse á Xunta de Galicia para que pona en valor o carácter estratéxico das plantas de Alcoa en Galicia, pola súa produción de alumina e aluminio, polo súa achega ao valor engadido e polo volume de emprego xerado.*

*Aberto o debate, polo Sr. Alcalde sinalase que a moción de referencia non ten contido político ningún, xa que se limita a dar traslado ó Concello de Xove, como un dos concellos directisimamente afectado pola situación da empresa Alcoa, do texto consensuado coa unanimidade de tódolos grupos do Parlamento Galego.*

*Polo Sr. López López sinalase que non entende cal é a razón de presentar agora no mes de agosto esta moción, cando segundo as noticias aparecidas na prensa no mes de xuño, con foto incluída dos Sres. Alcaldes de Cervo e Xove, o Partido Popular xa tiña completamente arranxado este tema.*

*Sinala igualmente o Sr. López López que sería bo para consolida-la estabilidade da Empresa Alcoa, que na moción presentada, se engadira a petición de apertura do dique norte ó uso comercial e a posta en marcha do Poligono Industrial Supramunicipal Cervo-Xove.*

Polo Sr. Alcalde manifestase que non ten sentido mesturar uns temas con outros, engadindo que respecto do dique norte e do polígono supramunicipal, a postura do Partido Popular sempre foi a mesma, cousa que non poden dicir outros grupos.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que vai votar a favor da aprobación da moción, pero reiterando unha vez máis que na Mariña Luguesa hai outros sectores como a pesca, que xeran cando menos a mesma riqueza que Alcoa e que sen embargo non reciben axuda ningunha.

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

#### **4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVO Á PERDA DE PODER ADQUISITIVO DOS/DAS EMPREGADOS/AS PUBLICOS/AS AFECTADOS POLO DECRETO 20/2012. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Polo Sr. López López dáse lectura da moción do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

Marco López López, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte moción:

*MOCIÓN PARA IMPEDIR A PERDA DO PODER ADQUISITIVO DAS EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS AFECTADOS POLO DECRETO 20/2012 COA FINALIDADE DE EVITAR O SEU EFECTO INDIRECTO SOBRE O CONSUMO NO TECIDO ECONÓMICO LOCAL.*

*As decisións adoptadas polo Goberno central en materia de política económica están a provocar un agravamento da crise económica. A obsesión por dar unha prioridade absoluta á contención do gasto público, seguindo sen matices os ditados emanados polo FMI, o BCE ou a UE, cada vez máis pregados aos intereses do capital financeiro transnacional, ocasionan tanto unha continua perda de empregos como un empeoramento das condicións de vida das persoas que manteñen o seu emprego.*

*Até o de agora, o “programa de reformas” executado polo PP só deu como resultados máis desemprego, unha caída no consumo e na actividade económica, e un maior estancamento do crédito ás persoas emprendedoras, empresas e familias. Ningún sector económico é alleo nestes momentos á crise, porén tampouco se están a elaborar estratexias para reactivar o pulso económico nos mesmos.*

*A única política definida é a de aplicar continuos recortes en dereitos económicos e sociais conquistados en favor das maiorías sociais. Esa teima amosa como este Goberno está a empregar a crise máis como un pretexto para avanzar no modelo de sociedade cada vez máis desigual que abandeira a doutrina neoliberal, cunha maior desprotección para as persoas máis desfavorecidas, e ao tempo cun reforzamento de privilexios para minoritarias elites sociais. O propio Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da ONU vén de afirmar, respecto do Estado español, que “as medidas de austeridade están prexudicando de forma desproporcionada os grupos desfavorecidos”, asegurando ademais que os axustes están a destruír o estado do benestar e provocando un aumento considerábel do número de persoas en risco de pobreza.*

*O último episodio desta errática política económica constitúeo o Real Decreto-Lei 20/2011, do 13 de xullo, que contén medidas destinadas á minoración retributiva e de dereitos laborais para as empregadas e os empregados públicos, á redución das prestacións por desemprego, á diminución do financiamento do sistema de axuda á dependencia, á liberalización comercial que provocará perdas ao comercio tradicional fronte ás grandes superficies comerciais. Todo iso completado cunha suba fiscal (o IVE) na imposición asociada ao consumo de xeito que se reparten de xeito liñal as cargas contributivas no canto de acometer unha reforma fiscal progresiva sobre as grandes fortunas e patrimonios e as rendas máis altas.*

*A aprobación de dita norma realizouse dun xeito impropio á relevancia do seu contido. Apenas unhas semanas após de terse publicado os orzamentos xerais do Estado, e cando a maior parte das*

*administracións públicas xa afrontan os obxectivos e a planificación do exercicio seguinte, o presidente do Goberno do Estado anunciou as medidas, sen diálogo nin consenso previo, que son aprobadas só dous días despois, sen que tampouco as persoas, entidades representativas e mesmo administracións implicadas na súa execución poidan participar en dito proceso.*

*Unha auténtica imposición, que no caso dos concellos socava a autonomía local, ao pretender facelos partícipes de medidas inxustas, das que moitas corporacións locais discrepan politicamente, polo que supoñen de atacar de novo dereitos consolidados de persoas traballadoras, ademais da súa inutilidade, como xa se ten demostrado.*

*A nova redución retributiva ás empregadas e aos empregados públicos que se plasma no Real Decreto-Lei 20/2011 imponse dun xeito unilateral, malia que esa medida xa se ten ensaiado noutros momentos dentro de actuacións económicas contra a crise, e como resultado deu precisamente o contrario do que se perseguía. Nada indica na práctica que a redución salarial sobre as persoas traballadoras, entre elas as persoas que desenvolven o seu traballo no sector público, sexa unha medida que contribúe á reactivación económica, ao contrario, aínda resta capacidade adquisitiva á maior parte da poboación co que se resente o consumo e a actividade económica.*

*No caso concreto do noso concello, estamos seguros de que eliminar a paga extra ás empregadas e aos empregados da administración municipal é unha medida profundamente inxusta e equivocada. Tamén no ámbito local, agravará aínda máis a crise pois reducir o poder de compra das empregadas e dos empregados públicos afectará moi negativamente a pequenas e medianas empresas, ao pequeno comercio, en xeral ao tecido económico deste concello.*

*Por iso, ante o escenario deseñado polo Goberno do Estado, inútil e errático á hora de recuperar e impulsar a economía como todos os indicadores económicos demostran, ineficaz para asegurar financiamento público e privado dadas as persistentes restricións no crédito, e pertinaz en aplicar reformas cuxo único e real obxectivo consiste en recortar dereitos económicos e sociais das maiorías sociais, é preciso adoptar un posicionamento político unívoco por parte desta Corporación Municipal en contra desa política, alén de articular as medidas que sexan necesarias para evitar a perda de poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos.*

*Por iso, pídesse do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:*

#### **ACORDO**

- *Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal ás medidas reguladas polo Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.*
- *Rexeitar a decisión de impor ás empregadas e aos empregados públicos, particularmente os vinculados aos concellos, novas perdas de poder adquisitivo, que terán un efecto indirecto sobre o consumo no concello e no tecido económico local.*
- *Compensar a perda do poder adquisitivo das empregadas e dos empregados públicos municipais, instando á Alcaldía (ou Xunta de Goberno Local, segundo proceda) a que adopte as medidas necesarias para atinxir ese obxectivo.*

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde sinalase que a moción presentada polo BNG non é mais que un “brindis al sol”, xa que como recoñecen os propios alcaldes do BNG é imposible de cumprir sen incurrir nunha manifesta ilegalidade.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que váise abster, porque se ven non está de acordo cos recortes, tamén considera que unha corporación non pode incumprir ás leis.

Rematado o debate, o Concello Pleno, co voto dos Sres. Salgueiro Rapa, González Alvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, e Meitin Rouco, acorda rexeita-la aprobación da moción do epígrafe.

O Sr. López López vota a favor da aprobación da moción do epígrafe e o Sr. Santos Vázquez abstense na votación.

**5º) INFORME DE INTERVENCIÓN COMPLEMENTARIO Ó INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBEXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2011. DAR CONTA.**

Pola Interventora Municipal dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables do informe do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

*INFORME COMPLEMENTARIO AO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBEXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DA CORPORACIÓN DE 2011*

*Con data 23 de xaneiro de 2011 aprobouse por Resolución de Alcaldía o Expediente de Liquidación do Orzamento do Concello de Xove correspondente ao exercicio de 2011.*

*Coa mesma data e previa a citada Resolución, por esta Interventora emítense informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do que se deu conta ao Concello Pleno na súa sesión de data 13 de febreiro de 2012. No citado informe establecíase:*

*O resultado obtido nos cadros anteriores require os comentarios que se recollen a continuación:*

*Os recursos non financeiros non foron suficientes para financiar a totalidade dos gastos non financeiros do exercicio, e xeneraron un déficit de financiamento de 18.127,74 euros.*

*Os recursos financeiros do exercicio foron da mesma contía que os gastos financeiros do exercicio.*

*En consecuencia, prodúcese unha necesidade de financiación total en términos de Contabilidade Nacional de 18.127,74 euros.*

*Todo elo permite inferir que o concello de Xove, en términos de SEC non cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

*Non obstante, a Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administración Local, ven emitindo anualmente acordos específicos sobre os obxectivos de estabilidade orzamentaria manifestado a través da liquidación do orzamento das entidades locais. Estes acordos, relativos á aplicación flexible da normativa de estabilidade orzamentaria, refírense aos límites de déficit non financeiro ata os que non será necesario presentar plans económico-financieros de reequilibrio.*

*No momento de emitirse o presente informe, esta Subcomisión non ten adoptado acordo específico sobre o obxectivo de estabilidade no marco da liquidación de 2011, sendo o último dato de que se dispón o acordo adoptado o día 28 de abril de 2011 para a liquidación do orzamento de 2010, e que se concreta nos seguintes puntos:*

- *Fixar no 0,30% do PIB Nacional de 2010 o límite de déficit permitido ás entidades locais dentro do que estas non terán que preparar, aprobar ou someter a aprobación plans económico-financieros de reequilibrio como consecuencia da liquidación do seu orzamento xeral do exercicio 2010.*
- *Establecer no 5,53% dos ingresos non financeiros consolidados como porcentaxe aplicable a cada entidade local, equivalente ao déficit global recollido no anterior acordo.*

*Se se aplicaran os criterios indicados ao exercicio 2011, o Concello de Xove podería alcanzar unha situación de necesidade de financiación de 361.430,08 euros, resultado de aplicar a porcentaxe indicada (5,53%) a 6.535.806,13 euros, cifra que representa dereitos liquidados por ingresos non financeiros do exercicio 2011, sen necesidade de aprobar un plan económico-financieiro de reequilibrio.*

*Resulta necesario, en consecuencia, esperar ao pronunciamento expreso que para as liquidacións dos Orzamentos do exercicio 2011 determine o órgano competente citado. Tan pronto como se conoza dito pronunciamento emitirase o correspondente infrome para o seu coñecemento polos órganos municipais.*

Pois ben, con data 22 de maio de 2012, a Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administración Local, ditou acordo en relación coa aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria ás liquidacións dos orzamentos xerais das entidades locais correspondentes ao exercicio 2011. Dito acordo concrétese nos seguintes puntos:

- Fixar no 0,30% do PIB Nacional de 2010 o límite de déficit permitido ás entidades locais dentro do que estas non terán que preparar, aprobar ou someter a aprobación plans económico-financeiros de reequilibrio como consecuencia da liquidación do seu orzamento xeral do exercicio 2010.
- Establecer no 4,39% dos ingresos non financeiros consolidados como porcentaxe aplicable a cada entidade local, equivalente ao dñeficit global recollido no anterior acordo.

Aplicando estes criterios, o Concello de Xove podería alcanzar unha situación de necesidade de financiación de 286.921,89 euros, resultado de aplicar a porcentaxe indicada (4,39%) a 6.535.806,13 euros, cifra que representa dereitos liquidados por ingresos non financeiros do exercicio 2011, sen necesidade de aprobar un plan económico-financeiro de reequilibrio.

É todo o que se informa, dando cumprimento ao encomendado polo informe de data 22 de xaneiro, para o seu coñecemento polo Pleno da Corporación.

A Corporación dáse por enterada.

#### **6º) INFORME DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA SOBRE O 2º TRIMESTRE DO 2012 OS EFECTOS DO DISPOSTO NO ART. 4 DA LEI 15/2010. DAR CONTA.**

Pola Interventora Municipal dáse lectura e explícanse os aspectos máis salientables do informe do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

#### **INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN**

D. Manuel Peteira González e Dona Elena Santos Rey, Teoureiro e Interventora do Concello de Xove, de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 15/2010 (en adiante LMLM), de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (en adiante, LM), emiten o seguinte informe,

**PRIMEIRO.** O disposto no seguinte informe, é de aplicación a todos os pagos efectuados como contraprestación nas operacións comerciais entre empresas e a Administración desta Entidade Local, de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Así, segundo establece o artigo 216.4 do TRLCSP, a Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

En caso de demora no prazo previsto anteriormente, a Administración deberá aboar ao contratista os xuros de mora así como a indemnización polos costes de cobro nos termos previstos na LM.

Sen embargo, débese estar ao disposto na Disposición Transitoria Sexta do TRLCSP, que establece unha aplicación progresiva destes prazos para o pago previstos no artigo 216.4 do mesmo TRLCSP. En concreto, entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo de abono das obrigas derivadas de contratos suxeitos á LCSP será de 40 días desde a data de expedición da certificación de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

**SEGUNDO.** Establece o artigo cuarto da LMLM que os tesoueiros ou no seu defecto, os interventores das corporacións locais, elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta lei para o pago das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se está incumprindo o prazo.

*En dito informe considéranse a totalidade dos pagos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade de facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do mesmo.*

*TERCEIRO. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no pleno do Concello, este informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local [tales órganos poderán requerir igualmente a remisión dos citados informes].*

*CUARTO.- O artigo quinto da LMLM establece que a Intervención incorporará a dito informe trimestral a elevar ao Pleno do Concello, unha relación de facturas ou documentos xustificativos con respecto aos que teñan transcorrido máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas e non se teñan tramitado os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.*

*O presente informe contempla polo tanto a seguinte información, que se recolle no anexo adxunto:*

*Pagos realizados no trimestre.*

*Xuros de mora pagados no trimestre.*

*Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre.*

*Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos que, ao final de cada trimestre natural, teñan transcorrido máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas e non se teñan tramitado os correspondientes expedientes de recoñecemento da obriga.*

*Da información anterior cabe reseñar o seguinte:*

- *1.- No segundo trimestre do exercicio pagáronse 484 facturas por importe de 679.418,56 euros, das que 476 foron abonadas dentro do periodo legal de pago e 8 abonáronse fóra do periodo legal de pago.*
- *2.- O periodo medio de pago desas facturas foi 13,45 días e o periodo medio de pago excedido foi de 9,30 días*
- *3.- Non se abonaron intereses de demora no periodo de referencia.*
- *4.- Ao finalizar o segundo trimestre, queda pendente de pago 1 factura, por importe total de 9.820,70 euros, que se atopa fóra do periodo legal de pago ao finalizar o trimestre porque ao mesmo tempo non está recoñecida a obriga correspondente.*
- *5.- Existe polo tanto unha única factura ao finalizar o trimestre, con máis de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendente do recoñecemento da obriga, por importe de 9.820,70 euros. O motivo é que se trata de un traballo efectuado durante o primeiro trimestre e que se incluíu como gasto subvencionable na axuda solicitada á Diputación Provincial para investimentos en instalacións deportivas. A resolución da concesión da axuda efectúase no terceiro trimestre do exercicio e ata que se dispoña do correspondente crédito, non procede a aprobación da factura.*

A Corporación dáse por enterada.

### **7º) ROGOS E PREGUNTAS.**

Polo Sr. López López rógase ó Alcalde rigor e coherencia para resolve-las peticións que se plantexan para utilizar o mobiliario urbano para a realización de campañas informativas de xeito que non volva a suceder o que pasou nas últimas datas, cando se desestimou unha solicitude do BNG e sen embargo “autorizouse” a publicidade dunha feira de antiguidades.

Polo Sr. Alcalde contestase que está aberto a negociar calquera cousa, pero considera que non é comparable unha solicitude dunha campaña política durante máis de 15 días co anuncio puntual dunha actividade ou dun evento.

*E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.*

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

